

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS GALEGAS DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER (FAGAL) PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA SERIE DE ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN E APOIO AOS FAMILIARES E COIDADORES

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou o 08.07.2020 o convenio arriba referido coa Federación Galega de Asociacións de Familiares de Alzheimer (FAGAL), por un período de vixencia que vai dende o día seguinte ao da súa sinatura até o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o desenvolvemento dunha serie de actividades no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia cos seguintes obxectivos:

1. Formación continuada dos/as profesionais que traballan ou colaboran coas asociacións.
2. Formación continuada das persoas que integran as directivas das asociacións de enfermos de Alzheimer e familiares.
3. Deseño e desenvolvemento conxunto coas asociacións federadas de programas de formación e coidados de persoas coidadoras.
4. Sensibilización social.
5. Información, orientación e asesoramento a familiares e persoas coidadoras.
6. Deseño e desenvolvemento conxunto coas asociacións federadas de programas psicoeducativos.
7. Difusión de cuestións relacionadas coa atención e o coidado das persoas que padecen unha demencia e as que as coidan.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Dentro do Servizo Galego de Saúde, a Subdirección Xeral de Atención Primaria é a unidade administrativa á que se refire o artigo 3 do Decreto 389/1994, do 15 de decembro, polo que se regula a saúde mental en Galicia, encargada de xestionar os plans e programas de saúde mental da Comunidade Autónoma e coordinar os dispositivos dedicados á saúde mental.

No ámbito da nosa comunidade, co avellentamento a poboación sofre un aumento dos problemas dexenerativos e, entre eles, está a Enfermidade de Alzheimer.

Estas persoas con frecuencia viven coa súa familia, tendo moitas veces que resolver problemas que entrañan unha gran dificultade, xerando situacións inquietantes para os familiares necesitado dun apoio multidisciplinar desde o ámbito da atención primaria de saúde.

No ámbito da nosa Comunidade, o modelo de atención na saúde mental, da prioridade á atención na comunidade e a integración social da persoa enferma, debéndose levar a cabo programas de achegamento á poboación xeral, e en especial de non discriminación neste colectivo.

A Federación de Asociacións Galegas de Familiares e Enfermos de Alzheimer (en adiante, FAGAL) é unha entidade que leva a cabo actividades de axuda e apoio aos familiares de enfermos do Alzheimer, tendo como un dos seus fins a formación das persoas coidadoras principais e a divulgación e sensibilización da poboación sobre esta enfermidade.

FAGAL cumpre os requisitos para obter a condición de beneficiaria recollidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Ámbalas dúas partes consideran de particular importancia o establecemento de accións conxuntas para os efectos de mellorar a calidade de vida destas persoas e dos seus familiares no seu domicilio, promovendo a divulgación da enfermidade e dando a coñecer a importancia real que ten o problema de saúde.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago,

